

**CONCELLO DA FONSAGRADA**

SEPARATA N. 01



## ÍNDICE

|        |                                                                              |    |
|--------|------------------------------------------------------------------------------|----|
| 1.     | ANTECEDENTES HISTÓRICOS .....                                                | 1  |
| 2.     | DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....                                   | 3  |
| 2.1.   | DESCRICIÓN DA PROPOSTA .....                                                 | 3  |
| 2.2.   | XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO .....                                    | 5  |
| 2.2.1. | TRAMO PARADANOVA – HOSPITAL DE MONTOUTO POR A FONSAGRADA .....               | 5  |
| 2.2.2. | TRAMO PARADANOVA – HOSPITAL DE MONTOUTO POR A POBRA DE BURÓN.....            | 6  |
| 2.2.3. | TRAMO HOSPITAL DE MONTOUTO – A CALZADA.....                                  | 7  |
| 3.     | ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL .....                  | 7  |
| 4.     | DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO ..... | 9  |
| 5.     | ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO .....                | 10 |
| 6.     | ANEXO FOTOGRÁFICO .....                                                      | 12 |
| 7.     | ANEXO PLANOS .....                                                           | 25 |

## 1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

Dende Grandas de Salime iniciase a subida ao porto do Acevo límite entre Asturias e Galicia, despois de pasar Bustelo do Camín chégase á cima e, desde alí, o camiño penetra en terras lucenses.

A cinco quilómetros do Porto do Acevo (1030 m. de altitude), na vertente lucense de dito porto atópase Fonfría, que tería a súa orixe vinculado á fundación dun hospital e ao pequeno complexo comercial asociado a el. As noticias proceden dun documento de 1500, publicado por J. I. Ruiz de la Peña, no que podemos comprobar como os RR. CC. acceden á petición da fundadora do hospital concedendo carta de franquía a dous mesoneiros para que se establecesen naquel lugar, para que servisen a albergaría e tivesen as súas vendas xunto a mesma: “Que sean francos e esentos... e que no paguen alcabala alguna de pan e vino e carne e pescado e legumbres e otras cosas que por menudo vendieren en las dichas dos ventas e en cada una dellas para mantenimiento e proveymiento de los dichos caminantes que por ay pasaren...”<sup>1</sup>.

Cómpre facer mención que neste concello o camiño recibe o nome tradicional de Camín de Ovedo, en concreto é así denominada variante que discorre por Burón.

### Paradanova a Montouto por Fonsagrada

Saíndo de Fonfría, o Camiño continuaba por Barbeitos ata Paradanova (onde existe unha fonte como en Fonfría). Dende Paradanova o camiño pasaba por Fonsagrada, Padrón, Vilardonga ata Pedrafitelas onde polo Marco de Pedra Branca enlazaba coa outra variante que ía por Pobra de Burón e San Miguel da Bastida<sup>2</sup>. Hai indicios doutro camiño que, saíndo de Padrón pasaría polo Castro de Anqueira, a Portaliña, Paradaseca e Santiso e que conduciría a Navia de Suarna. Así consta en contrato de foro de 1404 no que o mosteiro de Meira afora unhas herdades en Santiso, que limitan con “*calella pública que ven de Souto para lo dicho rego*”, e nunha venta efectuada polo mesmo mosteiro da “*casa da ponte*” na mesma localidade<sup>3</sup>.

O camiño por Fonsagrada, segundo Casariego, “resultaba más corto, pero era mucho más fragoso y en parte del año lo empachaba la nieve”<sup>4</sup>. A orixe de esta poboación é escura e aínda que hai quen opina que a Fons Sacrata é de época romana parece ser que a referencia documental máis antiga é do s. XII; . faise mención a ela en *El Camino de Santiago del norte en la provincia de Lugo. Rutas del interior*<sup>5</sup>.

Posteriormente, entre os anos 1448 e 1526, atopamos referencias claras a Fonsagrada como núcleo de poboación nos *Actos e pleitos sobre as terras de Burón e Navia*, entre o señor don Pedro Osorio señor de Burón e Navia e Aldonza Rodríguez muller de Diego Fernández de Miranda señor de Ybias. En 1526, o procurador xeral do concello de Burón convoca os veciños e moradores da terra a celebrar concello no lugar de Fonsagrada o día da Nosa Señora Santa María de agosto “a fazer conçejo, para fazer un abto que pertenece a serbiço de sus imperiales

alteças”<sup>6</sup>. Os veciños da terra de Burón néganse a seguir prestando servizos á casa de Altamira e queren restituílos á Coroa como adoitaban facer os seus antepasados, “ca nos protestamos no servir sino a la nuestra casa e corona real e imperial como los nuestros antepasados a sus progenitores”. Suplican tamén as súas Imperiais Altezas que usando do seu real e imperial oficio “reçiban la tierra e conçejo de Navia que tanvien son de la su casa e corona real como Buron, e siempre andamos en un partido Buron e Navia e serviamos como de suso dicho es, e que nos aplique a la noble villa de Ponferrada, que tierra d’Ancares ques de Ponferrada confina con tierra de Nabia, e tierra de Nabia con la de Buron”. Así mesmo, solicitan pasar a audiencia da Pobra de Burón a Fonsagrada e facer nesta última localidade unha “casa de carçel e auditorio”<sup>7</sup>.

### A variante de Pobra de Burón

A outra variante do camiño para Lugo pasaba pola Pobra de Burón deixando á esquerda Fonsagrada.

Non sabemos con certeza o momento en que se crea a Pobra de Burón, posiblemente fose, como algúns creen, unha fundación de Alfonso IX (1188-1230). En efecto, o monarca desenvolveu no seu reino unha importante labor administrativa posta de relevo xa, no s. XIII, por Lucas de Tuy no seu *Chronicon Mundi*: “O rei Alfonso (IX) fundou numerosas poboacións no seu reino e o ampliou en gran maneira. En efecto *poboou* en Galicia A Coruña, Baiona, Salvaterra, Vilanova de Sarria, Melide, Triacastela, Milmanda e outras moitas... Construíu tamén unha gran ponte sobre o río Miño no lugar que se chama Castrelo”.

Na Pobra de Burón e no seu alfoz, tiñan propiedades o mosteiro cisterciense galego de Santa María de Meira e o asturiano de Santa María de Villanueva de Oscos<sup>8</sup>.

Alfonso IX outorga ao cenobio de Villanueva de Oscos un couto xurisdiccional na terra de Burón no ano 1188, que parece cingirse escrupulosamente ao territorio administrado pola diocese de Oviedo á que pertencía esta institución. Por isto, moitos dos topónimos que aparecen como límites do couto de Carballido coinciden coas divisorias entre a diocese de Oviedo e a de Lugo recollidas na concordia efectuada entre o bispo ovetense Martín e o lucense Xoán, a instancias de Afonso VII en 1154<sup>9</sup>. Os cambios na articulación do espazo coa aparición de entidades urbanas vai xerar conflitos coas institucións que teñen intereses nelas. Os litixios entre o mosteiro de Oscos e o concello de Burón deberon de ser frecuentes. No 1270 o infante D. Fernando, con ocasión da súa estancia nas proximidades de Pobra de Burón expide un mandato a todos os concellos, xuíces e alcaldes das Pobras de Galicia e Asturias e a todos os meiriños, para que respecten os privilexios do mosteiro<sup>10</sup>.

Non obstante, os conflitos deberon de continuar co mosteiro asturiano ao igual que co galego de Meira. Recordemos como o concello e alcaldes de Pobra de Burón reciben na segunda metade do XIII, como veciños ao abade e convento de Meira e dóanlle unha praza para que fagan unha casa no camiño que ven de Oviedo. Posteriormente, no 1277, o xuíz da Pobra de

<sup>1</sup> Ruiz de la Peña, “Dos fundaciones hospitalarias medievales en el itinerario astur-galaico del camino de Santiago...”, ob. cit., doc. 2, pp. 640 y 643.

<sup>2</sup> E. Ferreira Priegue, *Los caminos medievales de Galicia...*, ob. cit., pp. 239-240. También *Las peregrinaciones a Santiago*, vol. II, en especial o capítulo de Uria “De Oviedo a Santiago”, pp. 580-584. Uría Riu, J., IV, XXII, “De Oviedo a Santiago”, *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, T. II, pp. 583-585.

<sup>3</sup> AHN, Meira, 239 y 236 vº.

<sup>4</sup> *Caminos y viajeros de Asturias*, p.23, cit. 676 de E. Ferreira, *Los caminos...*, p. 240.

<sup>5</sup> *El Camino de Santiago del norte en la Provincia de Lugo. Rutas del interior*, Diputación provincial de Lugo, 1993, p. 4.

<sup>6</sup> J. García Oro, Mª J. Portela Silva, *La Casa de Altamira durante el Renacimiento. Estudio y Colección Diplomática*, Santiago de Compostela, 2003, pp. 236-237.

<sup>7</sup> *Ibidem*, pp. 232-236.

<sup>8</sup> Santiago Agudé Nieto, “Política arrendataria del Monasterio de Villanueva de Oscos (s. XIII), en *Semana del monacato Cantabro-Astur-Leonés*, Oviedo 1982, p. 246, nota 54.

<sup>9</sup> Os límites sinalados son estes: “penna clamatoria, per monte río ad pandum de lhain ad tendas de monte abro ad archas de magistro usque as tres fontes et intra hos terminos ecclesiarum de Aspela”, S. A. García Larragueta, Colección de documentos da Catedral de Oviedo, Oviedo 1962, doc. nº 163.

<sup>10</sup> J. A. Álvarez Castrillón, *Los Oscos en los siglos X-XIII. Un modelo de organización social del espacio en la Asturias medieval*, Oviedo 2001, pp. 115-117.

Burón ratifica a exención do pago de martinega ao mordomo do rei por parte dos vasalos monásticos: *os teniais en herdade de fidalguya que gaanara o moesteiro, et que lles davan... mays poraquella martiniega que pagavan o abbade e o convento por esa devian a ser quitos os seus omes poys que elles eran vezinos*<sup>11</sup>. A actuación do xuíz respondía á orde de 1277 que dende Burgos emite Afonso X aos concellos das poboas de Galicia e Asturias, para que non cobren tributos aos vasalos dos mosteiros cistercienses que non habiten nela ou na herdade reguenga. A pesar disto os problemas continúan e en 1411 mantén un preito co procurador do concello desta localidade en defensa dos catro *escusados* que o mosteiro ten nesta localidade<sup>12</sup>.

Dende mediados do s. XIV a terra de Burón pasa a ser, como outras terras de Galicia, do señorío do Conde de Trastámara, e en 1366 Pedro I as dona a D. Fernando de Castro, un dos máis fieis partidarios do monarca no enfrontamento deste con Henrique de Trastámara, o seu irmán bastardo. A vitoria do bastardo e a súa entronización cambiará de novo a situación.

O mosteiro de Oscos, como se dixo, estendeu as súas propiedades, case dende o mesmo momento da súa fundación, en terras galegas e de maneira especial no entón alfoz da Pobra de Burón. A el reverterán os bens do hospital da Santa Trindade que Gomez Fernández e a súa esposa Teresa Alfonso fundaran na Pobra, concretamente *enna Ferrara, arravaldo da dita Pobra*, antes do 26 de outubro de 1378 momento en que ambos revocan o poder que outorgaran para nomear hospitalarios<sup>13</sup>. Uns anos despois, Alvar Alfonso, *dito Alvar Penedo*, no seu testamento, ao que logo nos referiremos, doa ao hospital todo o seu quión de herdade que lle pertence *enna dita Pobra e en sous arravaldos*, excepto a casa na que vive que lla deixa a un parente para que albergue os romeiros que por alí pasen: *en que albergue os romeos enna dita casa*. O momento en que os seus bens pasan ao mosteiro nos é descoñecido pero sabemos que respondía aos desexos expresados polo seu fundador. En 1397, sendo frade da Terceira Orde de San Francisco doa unha serie de bens ao altar da Santa Trindade que el mesmo funda no mosteiro de Villanueva; entre eles, todas as herdades da súa propiedade na *vila de Ouyvano e en sus terminos... que jaz sub signo de Sa Iohan dos Vanos, alfoz da pobla de Buroon* y, en el mismo alfoz, los bienes que tiene en *a vila de Torvyso... su signo de Santa María de Carvallido*. O fundador tamén fai constar, na mesma carta de doazón, a súa vontade de que os bens do hospital da Trindade pasen ao altar do mosteiro de Villanueva se deixara en algún momento de cumprir as funcións de hospitalidade e atención necesaria aos camiñantes e romeiros que por alí pasaran: *Outrosí, viindo o tempo que se non cumplan as oblas de hospitalidade enno hospital de Santa Trindade da Prova de Buroon por alguna manera ou por alguna razón, e viéndose a desprovar, mando que todas las casas e heredades e rendas delas e outras cosas que eu deixo ao dito hospital, que seian do altar de Santa Trindade de Santa María de Vilanova, que eu y fize*<sup>14</sup>.

Na Pobra coñecemos a existencia doutras tres hospitais, o da Raíña, o de Santiago, no núcleo central da vila coñecido como O Chao da Pobra, e a Malataría ou Hospital de San Lázaro. Dos dous primeiros coñecemos a súa existencia a través do testamento do fidalgo buronés, Alvar Alfonso, *dito Alvar Penedo*, xa mencionado, que antes de iniciar a súa peregrinación a Terra Santa, en torno a 1382, dispón que os seus bens pasen a estes dous hospitais e aos da Trindade e Montouto. O testamento ao que facemos referencia forma parte da colección documental do

mosteiro de Villanueva de Oscos e constata a existencia destas dúas institucións hospitalarias na Idade Media. Non podemos dicir o mesmo da Malataría pois só temos noticias dela nos libros de contas do s. XVII que se conservan no Arquivo Diocesano de Lugo. A Malataría ou Hospital de San Lázaro atopábase no barrio de O Milladoiro e é posible que a súa fundación tivera lugar em datas anteriores ao 1600. O 12 de outubro de 1750 decídese realizar algunhas obras de reparación na ermida de san Lázaro, *sita en terminos de esta villa*, aproveitando as obras para engadir un pórtico *“para que en el puedan los romeros y transeúntes hacer oración al santo”* al tiempo que servía de *“refugio de los romeros y transuntes”*<sup>15</sup>.

A Pobra de Burón como outras vilas medievais, estivo amurallada. Non sabemos o momento exacto no que se construíu a súa muralla, pero si o do seu derrocamento que tivo lugar a fines da idade media, por oficiais rexios “e derrocaron o muro da dita Pobra de Burón, tras o asasinato neste lugar de García Fernández de Valcarce<sup>16</sup>. Coñecemos tamén a existencia dunha torre e fortaleza en Burón que podemos datar a fines do XIV. Na sentenza do preito que mantén o concello e “homes bos” da pobra e alfoz de Burón contra o señorío de Dn<sup>a</sup> Urraca de Moscos e os seus fillos, os veciños son obrigados a acudir cada ano “a servir á torre e fortaleza de Burón”<sup>17</sup>.

Dende a Pobra de Burón, o camiño inicia unha lenta ascensión que conducía os peregrinos e camiñantes, tras uns 10 Kms. de percorrido, ata un pequeno porto no que se asentaba o hospital de Montouto, o mellor coñecido e posiblemente o máis antigo dos que se fundaron neste traxecto, cuxos restos xunto a un dolmen ben conservado parece acreditar a antigüidade deste itinerario. Pero antes de chegar a Montouto o Camiño pasaba por San Miguel da Bastida ata Pedrafitelas onde se unía co que viña dende Fonsagrada e Padrón.

#### De Montouto a Paradavella

En Montouto, como xa se dixo, existía un hospital xunto ao Camiño fundado polo monarca Pedro I, que E. López Fernández data no ano 1357<sup>18</sup>, e promovido posiblemente polo bispo de Lugo que estaba moi unido ao monarca. Descoñecemos o documento orixinal da súa fundación, pero coñecemos que o monarca exime os oito veciños e colonos do Real Hospital de Santiago de Montouto do pago de certos servizos<sup>19</sup>. A atención do monarca non parece casual. O arraigo petrista nesta zona é un feito constatable; o apoio que o bispo de Lugo prestou á súa causa fronte ao Trastámara tamén. Por outra parte, o feito de que os monarcas do s. XVI, fagan referencia ao rei D. Pedro como artífice do mesmo confirmarían a súa autoría.

As funcións relixiosas que se desenvolven no Hospital, polo menos ata 1699, encárganse ao clero da parroquia de Padrón, en cuxa demarcación se atopa encravado o Hospital Real. Na Real Cédula de Filipe II falábase dun clérigo, vicario de Padrón que nomea hospitaleiro que se encarga de recoller a renda. Sen embargo na de Carlos II de 1699 aparece definida a figura do capelán *que ha de decir misa en ella todos los días de fiesta en la ermita, o capilla, del Hospital*, sinalándose as súas obrigas e estipendio. En torno a esta data o Hospital será levantado de novo nos termos da freguesía de Santa María de Lamas, desvinculándose por isto da de S. Xoán de Padrón. Coñecemos o momento da posta en uso do novo Hospital en 1698 a través do inventario

<sup>11</sup> AHN, Meira Carpeta 1138, nº 10 e Tumbo de Meira fol. 95r.

<sup>12</sup> AHN, Meira, Carp. 1159, nº 6.

<sup>13</sup> AHN, Clero, Carp. 1639, nº 16, publicado en: M. J. Sanz Fuentes, “Propiedades del monasterio de Santa María de Vilanova de Óscos en Galicia: el hospital de la Santa Trinidad de A Pobra de Burón (1382-1398), *Actas. Congreso internacional sobre San Bernardo e o Cister en Galicia e Portugal*, Ourense 1992, Vol. II, pp. 729-730.

<sup>14</sup> AHN, Clero, carp, 1638, nº 19. Documento publicado por M. J. Sanz Fuentes, “ Propiedades del monasterio de Santa María de Vilanova de Óscos “ ob. cit., pp. 730-732.

<sup>15</sup> Libro 1, ff. 236-238, referencia tomada de E. López Fernández, *El Real Hospital...*, ob. cit., cita nº 50, p. 31.

<sup>16</sup> J. García Oro, M<sup>a</sup> J. Portela Silva, *La Casa de Altamira...*, pp. 234-235.

<sup>17</sup> M<sup>a</sup> A., Varona García, *Cartas ejecutorias del Archivo de la Real Chancillería de Valladolid (1395-1490)*, Valladolid 2001, nº 1274 (1490, marzo, 27, Valladolid).

<sup>18</sup> E. López Fernández, *El Real Hospital de Santa María de Montouto...*, ob. cit., p. 36.

<sup>19</sup> L. Vicente Díaz Martín, *Colección documental de Pedro I de Castilla (1350-1369)*, Salamanca 1999, Doc. nº 1431 (sin fecha).



dos bens do mesmo que efectúa o novo administrador e, ante a precariedade económica manifesta, a reclamación aos antigos hospitaleiros. As declaracións xuradas dos veciños para esclarecer estes feitos, constitúen unha testemuña clara do traspaso de funcións do antigo ao novo Hospital. Así se expresaba, por exemplo, Alonso Díaz de Vilardongo na súa declaración: “... *es verdad y ha visto a los sobredichos viviendo y viven en la casa antigua del dicho lugar de Montouto que era tenida y llamada por Hospital Real de Montout... hasta el pasado año de mill seiscientos y noventa y ocho que se ha fabricado otro Real Hospital nuevo en parte más a propósito para los pasajeros y peregrinos, adonde asiste ahora nuevo hospitalero*”<sup>20</sup>. Pasado Montouto se chegaba a Paradavella.

## 2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

### 2.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

#### **Trazado do Camiño: O Acevo (límite co concello de Grandas de Salime, Asturias) – A Calzada (límite co concello de Baleira)**

O trazado do Camiño de Ovedo no concello da Fonsagrada percorre as parroquias de San Bartolo de Monteseiro, Santa María Madalena de Fonfría, San Martiño de Suarna, San Miguel da Bastida, Santa María Madalena da Pobra de Burón, Santa María de Pacios, Santa María da Fonsagrada, San Xoán do Padrón, San Cristovo de Cuiñas, San Antonio do Vieiro, Santiago de Bruicedo e San Xoán de Paradavella.

#### **Tramo O Acevo - Paradanova**

O Camiño entra en Galicia polo Alto do Acevo, procedente de Penafonte e Bustelo do Camín, no concello asturiano de Grandas de Salime. Percorre a ladeira repoboada de piñeiros do Monte do Seixo ata chegar ao lugar do Acevo (1021 m.) no que se atopa ca estrada LU-701, continúa ascendendo a ladeira da Prancha para continuar máis adiante paralelo á estrada LU-701 ata chegar ao lugar de Cabreira. Na primeira parte de este tramo o camiño ten vistas ao Monte do Seixo coroado polo parque eólico, e do val profundo polo que discorre o regato da Prancha. Nesta zona o camiño está orlado por un importante conxunto de túmulos funerarios. A uns novecentos metros do lugar de Cabreira o Camiño prosigue por unha pista de recente construción paralela á estrada LU-701, abandonando o trazado orixinal que vese interrompido por un prado situado ao este de Cabreira.

Entre Cabeira e Fonfría o Camiño segue o trazado da estrada LU-701, por unha senda de terra situada na marxe esquerda da estrada. Á beira sur do camiño está ocupada por bosques de piñeiros silvestres nos que abundan os acevos.

Ao deixar o lugar de Fonfría o camiño sepárase da estrada LU-701, dando unha volta para sur, para voltar á estrada no lugar de Barbeiros. Á saída de Fonfría téñense vistas interesantes cara ó sur, do núcleo do Castro e do sistema de agramas que o rodea.

En Barbeiros o peregrino ten que cruzar a LU-701 para seguir un camiño situado ao norte da estrada. A catrocentos metros de Silvela o camiño segue paralelo á estrada por unha senda habilitada na parte superior do seu ribazo.

Entre Silvela e Paradanova a ruta de peregrinación segue a dirección da estrada, nun primeiro tramo, separase dela seguindo o trazado dun camiño situado ao sur desta, para volver a enlazar con ela máis adiante, seguindo pola beiravía ou por unha senda peonil habilitada hasta uns cincocentos metros antes de chegar a Paradanova, en que o camiño volve a separarse da estrada. Neste tramo a paisaxe se caracteriza polos bosques cerrados de piñeiros silvestres.

#### **Tramo Paradanova – Hospital de Montouto por A Fonsagrada**

Dende Paradanova o Camiño descende en dirección suroeste pola ladeira do val de Arime, á metade do tramo, no cruce co camiño que continúa cara ós lugares da Granxa e os Fornos da Cal, o Camiño cambia de pendente para iniciar a ascensión á Fonsagrada. Durante todo o tramo hai interesantes vistas cara ó sur e o este, dunha paisaxe de prados enmarcados polo arborado de folla caduca.

Ao chegar á Fonsagrada o Camiño atópase de novo coa estrada LU-701 que enlaza coa avenida de Asturias, continúa pola rúa Maior cara ao sur, para seguir pola rúa das Rodas ata deixar o núcleo urbano. Á posición elevada de A Fonsagrada favorece as amplas vistas da paisaxe circundante tanto dende á avenida de Asturias, cara ao leste, como da rúa das Rodas, cara ao oeste.

<sup>20</sup> Documento publicado por E. López Fernández, *El Real Hospital de Montouto...*, ob. cit. pp. 255-257.

Á saída de A Fonsagrada o Camiño continúa pola beira da estrada LU-530 ata chegar ao lugar de O Padrón. Tras atravesar este núcleo, continúa por un camiño paralelo á estrada durante un treito de uns catrocentos metros. No cruce coa estrada CP 19 01 entre os lugares de Carracedo e A Arqueira, o Camiño cruza a LU-530 para, despois de pasar xunto a un cemiterio, seguir por unha senda que atravesa un piñeiral. Tras percorrer un cincocentos metros o Camiño volta á estrada para continuar pola beiravía un treito de outros cincocentos metros, este tramo é especialmente perigoso polo estreito da beiravía.

Cruzando á estrada o Camiño chega á Fonte do Pastizal, onde se inicia unha senda de terra que atravesa un bosque de piñeiros durante un Km. aproximadamente. O Camiño cruza dúas veces máis a estrada para seguir durante un treito de máis de dous Km. por unha senda que vai polo alto, ao norte de Vilardongo ata chegar a Pedrasfitelas. Neste tramo as vistas ábreanse fundamentalmente cara ao sur, nunha paisaxe aberto de montes e serras que se perden na distancia. Chegando a Pedrasfitelas as vistas ábreanse tamén cara ao oeste sobre o cumo da serra do Hospital.

Tras pasar Pedrasfitelas o Camiño segue polo alto o trazado da estrada LU-530 ata chegar a Hospital de Montouto. No treito as vistas seguen sendo abertas cara ao sur e na parte final, pasado o lugar de Montouto, cara ao oeste, sobre os afloramentos previos ao cumo da serra, no que se atopa o parque eólico.

#### **Tramo Paradanova – Hospital de Montouto por A Pobra de Burón.**

A variante do Camiño que pasa por Pobra de Burón parte de Paradanova cara ao oeste, seguindo un trazado paralelo á estrada LU-701 a un nivel superior ata chegar ao cruce coa estrada que, partindo da Fonsagrada, vai cara ao norte ata os núcleos de Candaído e Lidín. A partir de este punto o Camiño segue cara ao noroeste por unha paisaxe cerrada dominado pola vexetación autóctona. O tramo de aproximadamente un Km. previo á Pobra de Burón é especialmente interesante, o Camiño toma a configuración dunha congostra que atravesa un bosque de carballos e bidueiros de gran valor paisaxístico. Ao final deste tramo as vistas ábreanse cara ó val no que, sobre un outeiro, sitúase A Pobra de Burón. Tras cruzar o río da Pobra e ascender entre as agras que se estenden ao longo do val, o Camiño atravesa o núcleo pola súa parte central, pasando ao norte da igrexa, seguindo xunto á Fonte da Luz, e continuando pola beira sur da Torre, para saír polo sur da Capela de San Xosé. Pasado Burón o Camiño ascende ata chegar á cima do val, a partir deste punto segue polo cumo do Chao de Pruída en dirección a Xestoso de Riba, con vistas abertas tanto cara ao norte como ao sur.

Tras deixar Xestoso de Riba o Camiño continúa polos altos de Xestoso e Carballal, para continuar pola ladeira este da Serra do Hospital, atravesando un denso bosque de piñeiros, para despois descender cara ao Hospital de Montouto, entre unha paisaxe de prados dominado polos afloramentos rochosos dos cumes da serra.

#### **Tramo Hospital de Montouto – A Calzada**

Entre Hospital de Montouto e Paradavella o trazado do Camiño vai próximo aos cumes dos montes que describindo un arco cara ao sur definen o val de Pastoriza. O percorrido transcorre entre espesos bosques de piñeiros silvestres nos que puntualmente ábreanse vistas cara ao norte. O descenso a Paradavella está dominado polas vistas dos Altos de Paradavella, ao outro lado do val. Próximo ao núcleo o Camiño atravesa unha carballeira que linda cas súas primeiras casas.

En Paradavella o Camiño volve a atoparse coa estrada LU-530, ao longo do núcleo segue por unha beiravía empedrada con lousas, para continuar un pequeno treito pola beiravía asfaltada. O Camiño continúa por unha congostra que sube á dereita para continuar por un camiño entre prados, que máis adiante se mete no monte. O trazado segue polo alto paralelo á estrada LU-530 ata chegar cerca de A Calzada onde cruza a estrada para seguir paralela a ela pola parte de abaixo.

#### **Trazado con vestixios históricos Prado Darrauga – Cabreira**

O tramo situado entre Acevo e Cabreira, vese interrompido pasada a zona denominada Prado Darrauga, uns novecentos metros antes de chegar a Cabreira, por un gran prado situado ao este do núcleo. Os vestixios da traza do Camiño a través do prado atópanse practicamente desaparecidos. No prado hai unha mámoa claramente visible xunto á estrada LU-530.

Na actualidade o camiño de terra que une Acevo con Cabreria desvíase pasado Prado Darrauga cara ao norte, para continuar por unha senda de terra construída á beira da estrada LU-530, ata chegar a Cabreira. Esta desviación do trazado orixinal xa estaba contemplada no trazado realizado en 1993.

#### **Trazado con vestixios históricos Entrada en Fonfría**

Catrocentos cincuenta metros antes da chegada a Fonfría o trazado separase da estrada LU-530 para continuar por un camiño de terra que leva ao núcleo. Na actualidade os primeiros cento cincuenta metros do antigo camiño atravesan un prado no que aínda pódese apreciar a pegada deixada pola traza do camiño.

O tramo perdido do camiño de entrada en Fonfría faise na actualidade continuando polo camiño de terra habilitado á beira esquerda da estrada LU-530, para logo baixar por unha rampla que comunica co camiño orixinal que conduce ao núcleo.

#### **Trazado complementario Entrada en Silvela**

Catrocentos cincuenta metros antes de Silvela, no lugar de A Pedreira, o Camiño, que ven dende Barbeitos por unha senda de terra, continuaba pola beira da estrada LU-530. Para evitar o perigo que supón para os peregrinos camiñar pola estreita beiravía da estrada neste tramo, vense de habilitar un camiño paralelo ao trazado da estrada e situado a unha cota superior, que termina no núcleo de Silvela.

#### **Trazado con vestixios históricos saída de Xestoso de Riba**

O Camiño chega a Xestoso de Riba dende o norte, tras pasar as primeiras casas, segue por un sendeiro entre valos á dereita, para chegado á seguinte casa volver a xirar á dereita e seguir cara ou sueste. O trazo continúa un treito para despois perderse definitivamente nunha zona chamada Lameiriñas, invadida polos toxos e as xestas.

Na actualidade os peregrinos non chegan a entrar no núcleo de Xestoso, tras pasar a primeira casa collen unha pista de terra á dereita ao norte do camiño orixinal e que acábase xuntando con el despois dun quilómetro aproximadamente.



## 2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado do Camiño e dos trazados con vestixios históricos ao trazado posto a exposición pública pola Xunta de Galicia no ano 1997

Trazado do Camiño — Trazado con vestixios históricos —  
Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 —

Para a realización da proposta dos trazados tomáronse como base as delimitacións realizadas nos anos noventa pola Xunta de Galicia, levada a cabo por Oficina de Planeamento para a Dirección Xeral de Promoción do Camiño de Santiago no ano 1996 para a delimitación do Camiño de Santiago Norte: Camiño de Oviedo; a traza que figura nas publicacións realizadas por Ricardo Polín sobre o Camiño Primitivo. Estas trazados foron contrastadas co estudo histórico realizado por M<sup>a</sup> del Carmen Rodríguez González, a información cartográfica e fotográfica dispoñible (tanto histórica como actual), coas informacións achegadas polos veciños e polo traballo de prospección realizado sobre o terreo.

En xeral a proposta do trazado do Camiño no concello da Fonsagrada coincide ca realizada no ano 1997, aínda que existen variacións puntuais que se indican a continuación.

### 2.2.1. TRAMO PARADANOVA – HOSPITAL DE MONTOUTO POR A FONSAGRADA

#### O Padrón – Fonte do Pastizal

Entre O Padrón e Vilardongo, tras pasar xunto ao cemiterio situado ao lado da LU-530, no lugar chamado Restreba, a traza segue por un camiño que atravesa un piñeiral, e que volve a saír a estrada mais adiante para continuar pola beiravía ata a Fonte do Pastizal. Na delimitación realizada en 1997 o trazado continuaba pola estrada; sen embargo na delimitación realizada pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo no ano 1993 o camiño que cruza o piñeiral volvía á conectar coa estrada nun punto situado mais ao sur. Na actualidade non foi posible atopar a traza deste camiño.



Variación do trazado do Camiño respecto ao trazado do ano 1997 entre O Padrón e a Fonte do Pastizal

Trazado do Camiño — Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 —

#### Vilardongo -Pedrasfitelas

Trescentos metros antes de Vilardongo o trazado do deslinde realizado en 1993 pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo seguía pola estrada LU-530 ata chegar ao núcleo, alí xiraba cento oitenta grados seguindo a liña das casas, e volvía a xirar noventa grados en dirección norte, continuando trescentos metros ata un cruce no que xiraba de novo noventa grados seguindo o trazado cara ao oeste. Este trazado resulta moi complexo, e unicamente se xustifica pola intención de facelo pasar polo núcleo. Proponse o trazado que tras cruzar a estrada LU-530 entre o piñeiral do Coto e a zona de veigas situada ao nordeste de Vilardongo, continúa facendo un arco cara ao norte, volve a cruzar a estrada, e segue por e segue por Tras Navalín ata chegar ao cruce ao que chega o camiño mencionado que ven de Vilardongo. A pesar de que este trazado vese alterado nos puntos de cruce coa estrada LU-530, mantén de forma clara a dirección do trazado, e a súa traza é claramente identificable sobre o terreo. O trazado proposto coincide co realizado no ano 1997, aínda que, como se verá, este desviase por un camiño que leva ao extremo oeste do núcleo para continuar pola estrada.



O trazado proposto por Ricardo Polín segue unha liña situada ao sur do trazado realizado en 1997 e atravesa o núcleo de Vilardongo para seguir pola estrada LU-530. Aínda que se conservan algúns vestixios deste trazado a maior parte del perdeuse pola apropiación de tramos de camiños para incorporalos ás leiras e prados.

Entre Vilardongo en Pedrasfitelas tanto o trazado do ano 1997 como o realizado por Ricardo Polín seguen a estrada LU-530. Na proposta de delimitación considerase mais acorde ca tipoloxía do camiño o trazado que vai polo alto, unindo a zona norte de Vilardongo coa correspondente de Pedrasfitelas mediante unha liña recta, que atravesa a zona chamada Qunitas e que pasa xunto ao túmulo denominado Loma das Marcadas



Variación do trazado do Camiño respecto ás propostas anteriores entre Vilardongo e Pedrasfitelas

Trazado do Camiño — Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 —  
Trazado Xacobeo 1993 — Trazado Ricardo Polín —

## 2.2.2. TRAMO PARADANOVA – HOSPITAL DE MONTOUTO POR A POBRA DE BURÓN

### Pobra de Burón – Xestoso de Riba

O paso polo núcleo de Pobra de Burón no trazado realizado pola S.A. de Xestión do Plan Xacoveo en 1993 seguía a vía que vai polo norte do núcleo, bordeando a Torre, para despois xirar en dirección sur, pasando xunto ao muro oeste da capela de San Xosé. Na proposta, coincidente coa delimitación realizada en 1997, o Camiño atravesa o núcleo pola súa parte central, pasando ao norte da igrexa, seguindo xunto á Fonte da Luz, e continuando pola beira sur da Torre, para saír polo sur da Capela de San Xosé.

Entre Pobra de Burón e Xestoso de Riba, mil cen metros antes de chegar a Xestoso, no Monte Pivial, na zona chamada Xeixiños, a delimitación realizada en 1997 segue o trazado dun camiño do que na actualidade só existen vestixios, ao atoparse parcialmente ocupado pola vexetación. O trazado proposto por Ricardo Polín fai unha curva cara ao norte, seguindo o trazado doutro camiño do que tamén atópase perdido en gran medida. Proponse o mantemento da traza do camiño actual.



Variación do trazado do Camiño respecto ás propostas anteriores na Pobra de Burón

Trazado do Camiño — Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 —  
Trazado Xacobeo 1993 — Trazado Ricardo Polín —

### Xestoso de Riba – Hospital de Montouto


Entre Xestoso de Riba e Hospital de Montouto, no monte chamado Hospital Vello o trazado da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo de 1993 segue una liña quebrada non identificable sobre o terreo.

O trazado proposto por Ricardo Polín fai unha volta cara ao norte para subir ao cumo do monte chamado Lagua Seca para volver ao Camiño na zona chamada Hospital Vello xunto a un grupo de tres medorras.

O trazado da proposta de resolución de 1997 fai unha volta cara ao leste ata chegar á zona chamada Valín do Gato para volver á unirse co Camiño en Hospital Vello.

Como trazado mais lóxico adoptase o do camiño que une Lagua Seca con Hospital Vello, seguindo o trazado mais curto, que é o sinalizado con fitos na actualidade.





Variación do trazado do Camiño respecto ás propostas anteriores entre Xestoso de Riba e Hospital de Montouto

|                      |                                                                                   |                                                  |                                                                                     |
|----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
| Trazado do Camiño    |  | Trazado vestixios históricos                     |  |
| Trazado Xacobeo 1993 |  | Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 |  |
|                      |                                                                                   | Trazado Ricardo Polín                            |  |

### 2.2.3. TRAMO HOSPITAL DE MONTOUTO – A CALZADA

#### Hospital de Montouto – Paradavella

Mil trescentos metros antes de chegar a Paradavella, Ricardo Polín propón un trazado alternativo que parte da zona chamada Erbocho e bordea polo sur o monte Castelo, para volver a xuntarse coa traza do Camiño á entrada de Paradavella, seguindo un trazado paralelo á estrada LU-530 pola súa parte superior. As repoboacións forestais veñen de borrar calquera traza deste antigo camiño.



Variación do trazado do Camiño respecto ás propostas anteriores en Paradavella

|                      |                                                                                     |                                                  |                                                                                       |
|----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
| Trazado do Camiño    |  | Trazado vestixios históricos                     |  |
| Trazado Xacobeo 1993 |  | Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 |  |
|                      |                                                                                     | Trazado Ricardo Polín                            |  |

### 3. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

A continuación realízase unha diagnose dos diferentes tramos do Camiño en función da súa calidade ambiental, o estado do seu pavimento, as dificultades existentes para o tránsito dos camiñantes e o estado da súa sinalización. Para a descrición máis axeitada das condicións do Camiño en cada zona os tramos nos que se dividiu a traza para a súa descrición divídense a súa vez en subtramos máis pequenos de características máis homoxéneas.

#### Tramo O Acevo – Paradanova

##### Alto do Acevo – Cabreira

Entre o Alto do Acevo e Cabreira a calidade ambiental do Camiño pódese cualificar de boa, na primeira parte do tramo, entre o Alto do Acevo e o núcleo do Acevo as amplas vistas afastadas teñen certo interese, pero estas vanse perdendo a medida que se descende do alto. No que respecta á paisaxe próxima, na primeira parte do tramo as beiras do Camiño están ocupadas por repoboacións de piñeiros (*pinus radiata*). Entre o lugar do Acevo e Cabreira a paisaxe próxima está dominado polo monte baixo no que abundan os toxos, xestas, carqueixas e queiroas. Novecentos metros antes de chegar a Cabreira a traza orixinal pérdese e o trazado actual vai paralelo á estrada LU-701 por un camiño situado na parte superior do talude, de baixa calidade ambiental.

O pavimento do tramo é de grava, excepto nun pequeno treito xunto á estrada no lugar do Acevo no que atópase asfaltado. O seu estado de conservación en xeral é bo, aínda que nos tramos de máis pendente na baixada do alto do Acevo produciuse algún arrastre pola acción da auga.

No tramo non existen dificultades para o tránsito dos camiñantes.

O tramo atópase ben sinalizado.

##### Cabreira – Fonfría

Entre Cabreira e Fonfría a calidade ambiental é media. O trazado do Camiño foi modificado pola ampliación da estrada LU-701, construíndose un sendeiro de terra á beira da estrada para a circulación dos peregrinos. As vistas cara a dereita dende o Camiño vense limitadas polo talude da estrada que chega a alcanzar unha altura superior aos dous metros. No primeiro treito a outra beira do Camiño está ocupada por bosques de repoboación de piñeiros vermellos (*pinus silvestris*). Ao achegarse a Fonfría ábreanse vistas cara ao oeste dos agros situados ao sur do núcleo.

O pavimento do tramo é de grava e atópase en bo estado de conservación.

En xeral non existen dificultades para o tránsito dos camiñantes. Á saída do núcleo de Fonfría os peregrinos teñen que percorrer un tramo duns cento cincuenta metros pola beira esquerda da estrada LU-701, o ancho da beiravía é de dous metros aproximadamente.

O tramo atópase ben sinalizado.

##### Fonfría – Silvela

A calidade ambiental do tramo é media. A paisaxe caracterízase pola alternancia das repoboacións de piñeiros e as zonas ocupadas polo mato: toxo, xestas, queiroas, etc.

